



# PLAN DE BIBLIOTECA

## CURSO 23/24

CPI Armando Cotarelo Valledor

Código centro: 15001239

Boimorto (A Coruña)



BIBLIOTECAS  
ESCOLARES  
DE GALICIA

## 1.- ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

Contamos actualmente cunha coordinadora do Equipo de Biblioteca, apoiado polo profesorado das tres etapas educativas. O Equipo Directivo segue comprometéndose a dar prioridade ao horario do Equipo de Biblioteca para coordinarse e poder traballar conxuntamente.

Polo tanto, en función da dispoñibilidade horaria, tentaremos seguir a:

- Catalogar as novas adquisicións e rematar as catalogacións pendentes.
- Atender ás necesidades dos diferentes ciclos e departamentos na adquisición de novos recursos.
- Continuar coas dinámicas creadas ata agora.
- Constituír o eixe vertebrador arredor do que discorren as actividades que conmemoran as principais efemérides do curso.
- Seguir avanzando coa construción dunha biblioteca escolar inclusiva, que atenda á diversidade do noso alumnado.
- Organizarase a colaboración do alumnado voluntario.
- Rematar o acondicionamento da aula que funcionará como biblioteca/ludoteca no primeiro andar, e posta en marcha da mesma. Considérase moi necesario para ter unha zona adecuada para os/as máis pequenos/as do centro aos que lles é difícil o acceso a biblioteca, situada no segundo andar.

## 2.- RECURSOS DA BIBLIOTECA

Os obxectivos do Proxecto Educativo do Centro terán o apoio da biblioteca para facilitar a súa consecución. A biblioteca, tamén debe crear e fomentar no alumnado o hábito e gusto pola lectura, pola aprendizaxe e levar a cabo a alfabetización informacional do alumnado do centro. Ademais, ten que ensinar ao alumnado as habilidades para ser crítico, seleccionar a información correctamente e promover a lectura de todo tipo de textos.

Seguiremos coas actividades de dinamización e promoción contempladas nos Proxectos anteriores, engadindo algunhas novas como: as mochilas viaxeiras, lectura colectiva tanto nas aulas como ao aire libre, lectura e/ou actividades compartidas coas familias.

A promoción dos recursos da biblioteca farase a través dos seguintes medios: expositores na biblioteca, blog da biblioteca e as redes sociais, presentación das novidades achegándoas ás aulas, documentos con recomendacións para alumnado e familias e espazos nos corredores habilitados para tal fin.

- Demandarase ás titorías a súa colaboración na elaboración de material visual (murais, vídeos etc.) para as conmemoracións das distintas efemérides.
- Fomentar a implicación das familias nas actividades da biblioteca.

### 3.- FORMACIÓN DE USUARIOS

Para conseguir ter usuarios de biblioteca autónomos:

- Continuarase coa formación e coa reorganización da estrutura e a orde da nosa biblioteca, coa finalidade de que os usuarios se desenvolvan con soltura na mesma e aprendan a seleccionar a información e os recursos que necesitan.
- Seguirase mellorando para sacarlle o máximo rendemento ao Programa Meiga.
- Fomentarase a participación dos integrantes do Equipo de Biblioteca en todas aquelas actividades de formación ligadas a mellorar o funcionamento dunha biblioteca.
- Formarase ao grupo de voluntarios da biblioteca, se os houberse, e ao novo profesorado que se integre no Equipo de Biblioteca.

### 4.- FOMENTO DA LECTURA

Seguiremos levando a cabo as seguintes actividades:

- Visita dun contacontos, autor/-a, ilustrador ou de poñentes que colaboren co desenvolvemento do proxecto de Biblioteca.
- Fomento da lectura. “HORA DE LER” en Ed. Secundaria crearase un horario no que cada grupo dedique 1 sesión de 50 minutos semanal. En Primaria continuarase cos 20 minutos de lectura ao día.
- Seguir coas bibliotecas de aula en Ed. Infantil e Primaria para ofrecer unha maior variedade de lecturas na hora de ler, actualizando os exemplares en cada trimestre.
- Elaboración de murais e exposicións de diferentes temáticas nos que se fomentará a procura, selección de información, a expresión escrita e artística.
- Actualización da bitácora da biblioteca e das RRSS.

Tamén pretendemos axudar ao desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro polo que nos comprometemos a:

- Diseñar campañas de animación de servizo de préstamo para toda a comunidade educativa.
- Asegurar unha óptima utilización da biblioteca e dos recursos bibliotecarios do centro.
- Atender ás necesidades e propostas dos equipos de ciclo e dos departamentos á hora de seleccionar, mercar ou expoñer materiais curriculares complementarios para o fomento da lectura.
- Informar á comunidade educativa sobre as actividades da biblioteca.
- Coordinar actividades implicando ao maior número posible de ciclos e departamentos.
- Crear para o profesorado un banco de materiais relacionados con estratexias de comprensión lectora, fomento do hábito lector, didáctica da lingua oral, do teatro, da escrita, etc.
- Intentarase crear un club de lectura.

## 5.- BIBLIOTECA INCLUSIVA

A realización de calquera programa ou proxecto que se vaia desenvolver no centro terá o apoio da biblioteca mediante o achegamento de material, recursos, etc.

- Apoio nas diversas actividades para atender ás desigualdades sociais e ás necesidades específicas de apoio educativo debidas ás dificultades de aprendizaxe ou á incorporación tardía ao proxecto educativo.
- Redeseño de espazos, que sexan accesibles e con mobiliario adecuado e adaptado.
- Accións para a integración da cultura impresa e dixital.
- Implicación das familias nas actividades da biblioteca.

## 6.- CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos e métodos de avaliación empregados serán diversos, dende a simple observación ata o análise das metodoloxías empregadas na dinamización de actividades. Outros procedementos de avaliación serán o estudo da evolución no préstamo de libros e unha enquisa ou formulario de google, ao rematar o curso.

En función dos resultados obtidos planificaremos dun xeito ou outro, actividades que motiven, e manteñan a atención do noso alumnado. Consideramos de gran importancia crear os mecanismos necesarios para que o alumnado participe na organización da biblioteca, propoñendo novas ideas e opinando e criticando construtivamente sobre o funcionamento da mesma. Deste xeito todas as suxestións da Comunidade Educativa serán tidas en conta para conseguir un mellor funcionamento e emprego da Biblioteca.

Avaliarase o proxecto e a práctica educativa tendo en conta os seguintes ítems:

- ❖ Consecución dos obxectivos plantexados
- ❖ Grao de interese e de satisfacción cos procesos e cos resultados por parte de toda a comunidade educativa
- ❖ Recursos e materiais empregados
- ❖ Participación activa do alumnado, profesorado e resto da comunidade
- ❖ Canles de difusión do proxecto.

O equipo da biblioteca recollerá nunha memoria final os logros dos obxectivos recollidos nesta programación durante este curso e tamén propoñerá suxestións e cambios cara o curso seguinte.

## 7.- RECURSOS HUMANOS

No curso 2023-24 continúa a mesma persona responsable da Biblioteca: M<sup>a</sup> Rosario Vilariño Pérez. No equipo de apoio seguirá parte do profesorado que xa estivo durante o curso pasado. Traballaremos de forma colaborativa co EDLG e co Departamento de Orientación.

O horario de apertura da biblioteca para o uso do alumnado será durante os recreos de Primaria de 11:10h a 11:40h, e de 12:00h a 12:30h para Educación Secundaria. Por outra banda, a biblioteca poderá ser empregada por calquera grupo durante o período lectivo baixo a supervisión do profesorado que estea a cargo ou que teña programada unha actividade na mesma.